



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta minutos do vinte e oito de xaneiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, M^a del Mar Villaverde Rosales, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez e Javier Domínguez Lino. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3894.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30 DE DECEMBRO DE 2013, NÚM. 495.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, o Sr. Alcalde dá conta aos membros presentes do contido da acta da sesión anterior do 30/12/2013 e non formulándose alegación ou observación ningunha esta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3895- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución de acordos precedentes e que son os que segue: "3888.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA SOBRE PERSONACIÓN DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NUM. 308/2013 NO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Xulgado do Contencioso Administrativo Núm. 2 de Pontevedra; 3889.- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA CESPAS, SA ANO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse aos Servizos de Tesourería e Contratación e notificouse á empresa solicitante; 3890.- ADHESIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23/12/2013 POLO QUE SE INSTA Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A DOTAR DE MAIOR CELERIDADE A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE

DESAFECTACIÓN DOS TERREOS DA SECA E SE INSTA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á INCLUSIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MIGUEL ANXO PAZOS NO "PROGRAMA PROVINCIAL DE CAMPOS HERBA SINTÉTICA.".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Deportes para os trámites sucesivos do expediente; 3891.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3892.- MOCIÓN PARA INSTAR AO CONCELLO DE POIO A REALIZAR TODOS OS TRÁMITES PARA A CONSTRUCIÓN DAS BEIRARRÚAS EN CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Deputación Provincial xunto co rogo efectuado polo Grupo Municipal Popular; 3893.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia."

A Corporación dáse por enterada.

3896.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, dáse conta das resolucións adoptadas pola Alcaldía desde o último pleno ordinario, e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a Corporación dáse por enterada.

3897.-INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 1/2014.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xaneiro de 2014 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2014 na que se propón o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de 315 facturas do exercicio 2013 que ascenden a un importe total de 484.474,86 euros e do informe de reparo da Intervención Municipal de data 13 de xaneiro de 2014.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extrajudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes ao anterior exercicio 2013 as cales non foron obxecto de aprobación no mencionado exercicio en virtude da falta de crédito orzamentario nese exercicio que se xuntan no anexo á providencia.

O resto de facturas pendentes de recoñecemento por falta de crédito correspondente ao exercicio 2013 (con data de rexistro de entrada no rexistro contable posterior ao 31 de outubro de 2013) tramitaranse a maior brevidade posible mediante a confección dun segundo expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se a día de hoxe existen facturas pendentes de pago.

A interventora municipal contéstalle que quedan facturas por valor aproximado de **260.000** euros pendentes sen recoñecer.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 13 de xaneiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía

crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2013 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 484.474,86 euros por entender que, o tratarse de obras, servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2013, a non aprobación das facturas daría lugar o chamado "enriquecemento inxusto da Administración" e motivado tamén en non seguer agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente. 2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 315 facturas por importe total de 484.474,86 euros, correspondentes a facturas do exercicio 2013 e 3º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente no exercicio 2014, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito."

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido do expediente tramitado para o recoñecemento extraxudicial de facturas correspondentes ao exercicio 2013 para pagar a provedores, trátase de gasto executado e coas políticas do goberno, non nos deixa outra opción, xa que o remanente xerado, desde hai dous anos témolo que destinar a pagar aos bancos.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que a opinión do Grupo Municipal Popular é distinta á exposto polo Sr. Barreiro, xa que con este recoñecemento volve a demostrar unha mala xestión con gastos tan elevados, é unha problemática que se ven repetindo de anos anteriores, xa que non se trata de gastos por imprevistos, hai facturas para pagar festexos programados e outros eventos. Nos pedímoslles unha reflexión para mellorar, porque estamos no mes de xaneiro e vemos minorar os orzamentos en máis de 400.000 €.

O Sr. Alcalde dálle novamente a palabra ao Sr. Barreiro quen manifesta que a labor municipal entorpece o goberno que non nos deixa utilizar o remanente para pagar a provedores senón para a banca, vémonos obrigados a este trámite e opción. Nos cremos que temos a situación controlada xa que en tres anos reducimos a débeda en 35 puntos, non contando cos ingresos que se viron reducidos nun 20%, non pode dicir o mesmo o goberno que aumentou a súa carga nun 33%, creo que tan mal non o estamos facendo.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista quen manifesta que lle parece moi ben a opinión do voceiro do grupo popular, mala xestión, pero gustaríanos que nos aportase a fórmula para dar servizos á veciñanza sen custe, xa que nos prestamos servizos a quen os reclama, e cando vostedes denuncian situacións a través dos medios de comunicación, tamén intentamos solucionarlos. Se os servizos se prestan temos que pagar e debemos agradecer a estes provedores que continúan traballando con nós, xa que ás veces teñen que agardar para cobrar.

Pero a parte disto, consideramos que, polo menos nas concellerías que encabezamos os socialistas pode haber imprevistos, pero tamén recoñecemos que hai situacións que poderíamos xestionar mellor, pedindo máis presupostos e non aceptar o primeiro que nos facilitan, cumprimos coa normativa cando encargamos estes traballos porque se trata de obras

menores que soamente necesitan presuposto. Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista vaise abster na votación da aprobación deste recoñecemento.

O Sr. Moldes Martínez di que lle alegra que o grupo socialista recoñeza a existencia de facturas non elaboradas ou xestionadas con pouca ética, por iso gustaríanos saber cales son para liberar ao grupo socialista de culpa pero tamén teñen que recoñecer que forman parte dun grupo de goberno que hoxe nos presenta un recoñecemento extraxudicial.

A Sra. Besada Lores di que non hai unha para dicir esta ou aquela, refirome a gastos precipitados adoptados sen comparativas. Nos pensamos que os traballos hai que facelos, e darlle a importancia a todos os problemas da veciñanza por igual.

Ímonos abster por responsabilidade política pero consideramos que hai que pagar a provedores.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que todo o que se vai a recoñecer é gasto executado e realizado para necesidades xurdidas. Sempre recalco que o PP poña na enriba da mesa os festexos que non temos que realizar, se a festa do mar, da ameixa, Raxó... porque sempre critica os eventos realizados. Cremos que o Concello está para dar servizos pero na medida do posible, e nos consideramos que cando facemos algún evento vai repercutir de forma económica no Concello. Consideramos que a administración da Xunta debería financiar a todos por igual, e non dar a un Concello 30.000 € para un concerto de Julio Iglesias.

O Sr. Moldes Martínez aporta datos en relación a eventos que lle parecen desproporcionados (Viaxes pola Ría, Pincho no Mosteiro, Viaxes en autobús todos eles cun valor de máis de 1000 € cada un).

O Sr. Alcalde di que os gastos que sinala os Sr. Moldes traen beneficios para concello, xa que algúns son difundidos nas redes sociais e noutros participan personalidades doutras comunidades e provincias que dan a coñecer Poio como pode ser o Congreso que se realiza no Mosteiro no que participan profesores de distintas universidades.

Tamén consideramos que o gasto que fan outras administracións en eventos poden ser desproporcionados, digamos as achegas da Deputación na Volta Ciclista a España.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 8 votos a favor do BNG, 6 votos en contra do PP e 2 abstencións do PSOE, o que supón a maioría dos membros presentes, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe, de data 13 de xaneiro, motivado na existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no seu exercicio orzamentario 2013 as cales figuran na relación que obra no expediente por importe de 484.474,86 euros por entender que, o tratarse de obras, servizos ou subministros correctamente prestados á Administración Local durante o pasado exercicio 2013, a non aprobación

das facturas daría lugar o chamado "enriquecemento inxusto da Administración" e motivado tamén en non seque agravando os prazos de pago fixados na lexislación vixente.

Segundo: Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos que figuran na relación que se xunta, que comprende un total de 315 facturas por importe total de 484.474,86 euros, correspondentes a facturas do exercicio 2013.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente no exercicio 2014, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponde nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

3898.- INTERVENCIÓN-TESOUSERÍA, INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 05 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE-4º TRIMESTRE EXERCICIO 2013.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xaneiro de 2014 e que di o que segue: "Dáse conta do informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2013 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses dende súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 4º trimestre do exercicio 2013 a 30 de decembro), é dicir, que fosen rexistradas antes do 1 de outubro de 2013, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento das obrigas no día da data, infórmase que ascenden a 255 facturas e a un importe total de 410.088,27€ e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei: derivado dos datos obrantes no programa de contabilidade do que se dispón, as facturas aprobadas pero que se atopan a 30 de decembro de 2013 pendentes de abono por un prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable ascenden a 59 facturas e a unha cantidade total de 134.052,73 euros, e as facturas aprobadas pendentes de pago dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 30 facturas e a unha cantidade total de 178.813,03 €.

Segundo relación que se acompaña no expediente emitida pola Tesourería Municipal, estas facturas rexistradas antes do 1 de decembro de 2013, a 14 de xaneiro de 2014, se atopan pendentes de pago 11 facturas que ascenden a un total de 38.451,99€.

Ademais os pagos realizados no cuarto trimestre do exercicio 2013 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de decembro de 2013, a un total de 325 facturas e a unha cantidade de 328.975,93 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de decembro, a un total de 316 facturas e a unha cantidade total de 483.976,32 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela

financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido pola Intervención e Tesourería debendo remitirse ao órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3899.- ESCRITO VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA S.A.U. SOLICITANDO RESTAURACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO CONTRATO XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, MANTEMENTO DA REDE DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xaneiro de 2014 e que di o que segue: “Dáse conta do escrito de “VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.”, de data 18 de novembro de 2013 que tivo entrada o día 18 de novembro de 2013, solicitando que se aprobe o incremento na retribución do concesionario en 27.178,80 euros (IVE non incluído) para compensar os maiores custes de xestión derivados da modificación da periodicidade da tarifa, pasando de trimestral a bimestral, co obxecto de restaurar o equilibrio económico da concesión, e dos informes de Intervención e do Servizo de Contratación de data 28 de novembro de 2013.

O Sr. Barreiro Lubián di que non estamos de acordo e temos que resolver rexeitalo, polo menos amistosamente non vai ser.

A interventora municipal considera que non procede aprobar o incremento da retribución do concesionario segundo o solicitado no escrito recibido con data 18 de novembro de 2013 de conformidade coas cláusulas 7ª e 37ª do prego único de prescripcóns técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar desfavorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa denegación ”.

Neste momento entra no Salón de Sesións o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Rexeitar o incremento na retribución do concesionario en 27.178,80 euros (IVE non incluído) para compensar os maiores custes de xestión derivados da modificación da periodicidade da tarifa, pasando de trimestral a bimestral, co obxecto de restaurar o equilibrio económico da concesión.

Segundo: Dar conta do presente acordo á Intervención Municipal así como dar traslado á empresa concesionaria do servizo con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa**

contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3900.- PATRIMONIO, DETERMINACIÓN CUALIFICACIÓN XURÍDICA TRAMO CAMIÑO PERPENDICULAR Á AVDA. COLÓN NO LUGAR DE PORTOSANTO.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xaneiro de 2014 e que di o que segue: " Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 15 de xaneiro de 2014 que, textualmente, di o seguinte: " O 13 de maio de 2013 iniciábase de oficio, o expediente 1/2013 de investigación do carácter público dun tramo perpendicular a Avenida Colón propiamente dita, en dirección Norte a esta estrada, a man esquerda e a altura do nº 19, sen saída.

A través dos trámites realizados de de acordo co establecido no Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Públicas,ponse de manifesto o informe do Enxeñeiro Municipal de 10 de abril onde aclara que o tramo que nos ocupa consta dun cartel municipal co nome do vial no seu entronque coa Avenida principal. Ademais descobre un treito pavimentado con formigón entre o acceso as vivendas nº 17 e nº 15 e entre os muros das propiedades colindantes ten servizo de alumeadado público e puntos de suministro eléctrico para a as vivendas 15 e 17.

A conclusión do Enxeñeiro Municipal é "a vista da documentación examinada, e segundo a opinión do técnico que subscribe, queda suficientemente documentado este tramo da Avenida Colón como camiño público, coincidindo co plano do catastro, polo que se propón a corrección de erro do PXOM, para que quede correctamente grafiado como tal".

Tamén, formando parte da tramitación do expediente o Enxeñeiro Agrícola D. Justino Guerra Arroyo e D^a María Isabel García Domínguez, no

seu informe emitido o 28 de novembro de 2013 manifestan que o tramo que nos ocupa, denominado coas letras G-H-I actualmente está consolidado por ser o acceso ao colexio que se ubica nas parcelas 18-19-20, e por ser tamén o acceso a vivanda identificada co nº 17 de policía, 21 catastral.

O informe conclúe coa seguinte consideración "...consideramos que el camino entre el punto E en la calle Das Bocas y el punto I en la Avenida Colón es un camino público al tener entrada y salida a vías públicas, siendo camino de pies, puesto que por las delimitaciones de anchura que tiene no es posible el paso de vehículos".

Esta alcaldía eleva a consideración do pleno a adopción da seguinte proposta:

Primeiro: Declarar como camiño público o ramal a man esquerda da Avenida Colón propiamente dito ata a entrada da vivanda nº 15. Dito ramal que discorre entre as propiedades delimitadas con muros e cun ancho medio de 1,82 m e unha lonxitude de 95,35 m e da acceso as vivandas 19,17,15. A altura do nº 19 ten un ancho medio neste punto de 6,31 m, despois descorre un treito pavimentado entre as vivandas nº 17 e 15 e entre muros das propiedades colindantes chegando a un ancho mínimo nalgún punto de 1,02 m, como queda acreditado no informe do Enxeñeiro Municipal de 10 de abril de 2013

Segundo: se proceda a rectificación do erro existente no PXOM para dar cobertura ao tramo declarado público, dando traslado ao equipo redactor do PXOM para que elabore o correspondente tramo rectificado.

Terceiro: dar traslado aos interesados comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa."

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo político vaise absterse na votación para o seu estudo ata o Pleno.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP, acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor

ao Pleno a súa aprobación.”.

A secretaria ratifícase no xa informado no expediente.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación aprobou o ditame emitido pola comisión informativa por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar como camiño público o ramal a man esquerda da avenida Colón propiamente dito ata a entrada da vivenda nº 15. Dito ramal que discorre entre as propiedades delimitadas con muros e cun ancho medio de 1,82 m e unha lonxitude de 95, 35 m e da acceso as vivendas 19,17,15. A altura do nº 19 ten un ancho medio neste punto de 6,31 m, despois descorre un treito pavimentado entre as vivendas nº 17 e 15 e entre muros das propiedades colindantes chegando a un ancho mínimo nalgún punto de 1,02 m, como queda acreditado no informe do Enxeñeiro Municipal de 10 de abril de 2013.

Segundo: Rectificar o erro existente no PXOM para dar cobertura ao tramo declarado público, dando traslado ao equipo redactor do PXOM para que elabore o correspondente tramo rectificado.

Terceiro: dar traslado aos/ás interesados/as comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

3901.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA RECTIFICACIÓN ERROS NAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E POLO SERVIZO DE SANEAMENTO.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por

non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

A continuación dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión extraordinaria realizada o 28 de xaneiro de 2014 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Proposta do Presidente da Comisión de data 22 de xaneiro de 2014 que textualmente di o seguinte: "ASUNTO: proposta rectificación erros nas Ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga e polo servizo de saneamento, publicadas no B.O.P o pasado 19 de decembro de 2013.

ANTECEDENTES:

a) O pasado 17 de outubro de 2013 se emite unha primeira proposta de Alcaldía relativa a revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga e do servizo de saneamento no Concello de Poio, Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de agua S.A, para o exercicio 2014 e modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas por: a prestación do servizo de abastecemento de auga, a prestación do servizo de saneamento, a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbano, a prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e da taxa por a prestación do servizo de análise e inspección de vertidos. Na mencionada proposta, con relación a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga se expoñía literalmente: "*en canto a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento, o incremento de tarifas para os usuarios que se propón ascende tamén o 1,21%*" e con relación a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento: "*en canto a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento, o incremento de tarifas para os usuarios que se propón ascende o 1%*".

b) O 21 de outubro se celebra a Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas e na mesma se expón verbalmente a intención de "*pasar os recibos cada dous meses por iso de ser mas levadeiro que cada tres meses*" tal como consta na acta da mesma. A Comisión ditaminou favorablemente a proposta de Alcaldía, na que figuraba un incremento das tarifas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento do 1,21% e na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento un incremento do 1%, coa proposta de modificación do período trimestral das tarifas a cobrar polos servizos pasando a ter carácter bimestral.

c) O 22 de outubro se emite unha nova proposta de Alcaldía onde se expoñía que, coñecido o ditame emitido pola Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas celebrada o 21 de outubro na que se propuso a modificación do período trimestral das tarifas a ter un carácter bimestral, se adxuntaban as novas tarifas que resultarían da

modificación proposta.

d) Na sesión plenaria celebrada o 29 de outubro de 2013 se acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga e a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento segundo a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 21 de outubro de 2013.

e) O texto das Ordenanzas fiscais mencionadas foi obxecto de publicación no B.O.P nº 243 de 19 de decembro de 2013.

CONSIDERACIÓNS:

Na primeira proposta de Alcaldía, emitida con data 17 de outubro, as tarifas que figuraban eran as correspondentes a proceder o incremento do 1,21% con respecto as tarifas en vigor no anterior exercicio 2013 no servizo de subministro de auga e o incremento do 1% nas tarifas do servizo de saneamento.

Na segunda proposta de Alcaldía, emitida con data 22 de outubro, en virtude da proposta exposta de forma verbal na Comisión de Facenda, Gobernación e Contas o 21 de outubro, se adaptaron as tarifas trimestrais as súas correspondentes bimestrais procedendo, por error, a efectuar os cálculos aritméticos necesarios para realizar tal adaptación (dividir entre 3 e multiplicar por dous) en todas as tarifas existentes nos artigos 5º das Ordenanzas fiscais correspondentes a "cota tributaria" cando os cálculos non deberían haberse efectuado nos apartados que dependen do consumo, senón que habería que realizalos no apartado correspondente os tramos de consumo e non no custo) e tampouco deberían haberse realizado nos apartados correspondentes a "Dereitos de acometida", "Fianzas ou depósitos", "Baixas por subministro", "Taxa por bombeo con grupo de presión" e "Taxa por cambio de titular" por ter, na súa maioría carácter individual.

En virtude do exposto, e quedando claro na documentación obrante no expediente a intención de proceder o incremento das contías a cobrar os usuarios do servizo de subministro de auga no 1,21% e a intención de proceder o incremento das contías a cobrar os usuarios do servizo de saneamento nun 1% , e sendo polo tanto necesario para conseguir os mencionados incrementos proceder a rectificación dos cálculos aritméticos realizados erróneamente.

Se PROPÓN a seguinte rectificación:

Ordenanza fiscal reguladora do servizo de subministro de auga:

Onde di:

TAXAS DO SERVICIO DE ABASTECIMENTO 2014

PREZOS POR CONSUMO	€/bimestre
	2014
USO DOMESTICO-CONDICIONAL DOMESTICO	
0-30 M3	0,16
31-60 M3	0,2
61-100 M3	0,23
> 101 M3	0,46
USO COMERCIAL-CONDICIONAL COMERCIAL	
0-30 M3	0,22
31-60 M3	0,26
61-100 M3	0,3
> 101 M3	0,59
USO INDUSTRIAL-CONDICIONAL INDUSTRIAL E PROVISIONAL	
0-120 M3	0,22
121-240 M3	0,26
> 241 M3	0,3
CUOTAS FIXAS BIMESTRAIS	
USO DOMESTICO	8,38
USO COMERCIAL	8,41
USO INDUSTRIAL	28,39
CONDICIONAL DOMESTICO E COMERCIAL	16,75
CONDICIONAL INDUSTRIAL	56,61
PROVISIONAL VIVENDAS UNIFAMILIARES	17,32
PROVISIONAL RESTO EDIFICACIONES	38,71
DEREITOS DE ACOMETIDA	
POR CADA INSTALACION A VIVENDA	95,33
POR CADA INSTALACION COMERCIAL	160,32
POR CADA INSTALACION INDUSTRIAL	225,32
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	144,43
FIANZA OU DEPOSITO	
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	288,86
BAIXAS POR SUMINISTRO	
POR USO DOMESTICO OU CONDICIONAL	15,9
POR USO COMERCIAL OU CONDICIONAL	31,81
POR USO INDUSTRIAL OU CONDICIONAL	47,71
POR USO PROVISIONAL	79,52
TASA POR BOMBEO CON GRUPO DE PRESION	
Incremento de cada m3 en tódolos bloques	0,07
TASA POR ALQUILER DE CONTADORES	
13 mm.de diametro	1,8
15 mm.de diametro	1,95
20 mm.de diametro	2,45
25 mm.de diametro	3,58
30 mm.de diametro	4,77
40 mm.de diametro	7,25
50 mm.de diametro	12,92
65 mm. de diametro	17,34
TASA POR CAMBIO DE TITULAR	
POR CADA CAMBIO DE TITULAR	23,72

Debe decir:

TAXAS DO SERVICIO DE ABASTECIMIENTO 2014

PREZOS POR CONSUMO	2014
USO DOMESTICO-CONDICIONAL DOMESTICO (€/m3 bimestre)	
0-20 M3	0,243
21-40 M3	0,296
41-67 M3	0,35
> 67 M3	0,687
USO COMERCIAL-CONDICIONAL COMERCIAL (€/m3 bimestre)	
0-20 M3	0,336
21-40 M3	0,39
41-67 M3	0,445
> 67 M3	0,89
USO INDUSTRIAL-CONDICIONAL INDUSTRIAL E PROVISIONAL (€/m3 bimestre)	
0-80M3	0,336
81-160 M3	0,39
> 161 M3	0,445
CUOTAS FIXAS (€/bimestre)	
USO DOMESTICO	8,38
USO COMERCIAL	8,41
USO INDUSTRIAL	28,39
CONDICIONAL DOMESTICO E COMERCIAL	16,75
CONDICIONAL INDUSTRIAL	56,61
PROVISIONAL VIVENDAS UNIFAMILIARES	17,32
PROVISIONAL RESTO EDIFICACIONES	38,71
DEREITOS DE ACOMETIDA	
POR CADA INSTALACION A VIVENDA	142,99
POR CADA INSTALACION COMERCIAL	240,48
POR CADA INSTALACION INDUSTRIAL	337,98
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	216,65
FIANZA OU DEPOSITO	
POR CADA INSTALACION PROVISIONAL	433,29
BAIXAS POR SUMINISTRO	
POR USO DOMESTICO OU CONDICIONAL	23,84
POR USO COMERCIAL OU CONDICIONAL	47,71
POR USO INDUSTRIAL OU CONDICIONAL	71,57
POR USO PROVISIONAL	119,28
TASA POR BOMBEO CON GRUPO DE PRESION	
Incremento de cada m3 en tódolos bloques	0,112
TASA POR ALQUILER DE CONTADORES (€/bimestre)	
13 mm.de diametro	1,8
15 mm.de diametro	1,95
20 mm.de diametro	2,45
25 mm.de diametro	3,58
30 mm.de diametro	4,77
40 mm.de diametro	7,25
50 mm.de diametro	12,92
65 mm. de diametro	17,34
TASA POR CAMBIO DE TITULAR	
POR CADA CAMBIO DE TITULAR	35,59

Ordenanza fiscal reguladora do servizo de saneamento:

Onde di:

U S O	€/bimestre	MODULO	2014
DOMESTICO		Todos	15,32
COMERCIO EN XERAL, OFICIÑAS, DESPACHOS			
PELUQUERIAS, INDUSTRIA ARTESANAL		Todos	9,09
RESTAURANTES		0-200 m2	30,27
RESTAURANTES		201-300 m2	60,52
RESTAURANTES		> 300 m2	108,93
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		0-50 m2	18,16
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		51-100 M2	36,29
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		>100 m2	65,39
HOTEIS, HOSTAIS, SANATORIOS E SIMILARES		Habitación	3,03
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		0-1000 m2	30,27
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		1001-2500 m2	45,41
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		> 2500 m2	75,65
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		101-500 m2	15,14
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		501-1000 m2	30,27
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		> 1000 m2	60,52
TALLERES, ALMACENS E SIMILARES		Todos	15,14
FABRICAS E INDUSTRIAS EN XERAL CON USO DE AUGA NO PROCESO PRODUCTIVO		Todos	90,80
DEREITOS DE ACOMETIDA			
POR CADA INSTALACIÓN DE VIVENDA			44,19
POR CADA INSTALACION DISTINTA DE VIVENDA			72,46
DOMESTICO EN OBRA (por vivenda)			15,32
A taxa devengarase dende a solicitude de conexión ata a obtención da licencia de 1ª ocupación sendo o promotor o obrigado tributario.			
FABRICAS E INDUSTRIAS CON ALTO CONSUMO DE AUGA			90,80
		€/m3	0,20

Debe decir:

U S O	€/bimestre	MODULO	2014
DOMESTICO		Todos	15,32
COMERCIO EN XERAL, OFICIÑAS, DESPACHOS			
PELUQUERIAS, INDUSTRIA ARTESANAL		Todos	9,09
RESTAURANTES		0-200 m2	30,27
RESTAURANTES		201-300 m2	60,52
RESTAURANTES		> 300 m2	108,93
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		0-50 m2	18,16
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		51-100 M2	36,29
CAFETERIAS, BARES, PUBS E SIMILARES		>100 m2	65,39
HOTEIS, HOSTAIS, SANATORIOS E SIMILARES		Habitación	3,03
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		0-1000 m2	30,27
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		1001-2500 m2	45,41
CENTROS DOCENTES, GUARDERIAS, CENTROS RECREATIVOS, SÁS DE FESTA E SIMILARES		> 2500 m2	75,65
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		101-500 m2	15,14
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		501-1000 m2	30,27
SUPERMERCADOS, GRANDES SUPERFICIES		> 1000 m2	60,52
TALLERES, ALMACENS E SIMILARES		Todos	15,14
FABRICAS E INDUSTRIAS EN XERAL CON USO DE AUGA NO PROCESO PRODUCTIVO		Todos	90,80
DEREITOS DE ACOMETIDA			
POR CADA INSTALACIÓN DE VIVENDA			66,29
POR CADA INSTALACION DISTINTA DE VIVENDA			108,70
DOMESTICO EN OBRA (por vivenda)			22,98
A taxa devengarase dende a solicitude de conexión ata a obtención da licencia de 1ª ocupación sendo o promotor o obrigado tributario.			
FABRICAS E INDUSTRIAS CON ALTO CONSUMO DE AUGA			90,80
		€/m3	0,30

O que se propón para a súa aprobación a o Pleno da Corporación e posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Así mesmo dáse conta do informe emitido pola interventora e secretaria do Concello de Poio de data 24 de xaneiro de 2014.

Toma a palabra a interventora municipal manifestando que se trata dun erro aritmético producido ao realizar o cambio do carácter trimestral ao carácter bimestral das tarifas destas Ordenanzas Fiscais. Sería conveniente que se demorara a emisión dos recibos correspondentes ao

primeiro bimestre á efectiva publicación no BOP das tarifas emendadas aínda que falando coa empresa concesionaria do servizo non debería haber problema xa que os recibos non se emitirán ata primeiros do mes de marzo.

O Sr. Barreiro Lubián di que a urxencia desta Comisión é o darnos conta do erro e de correxilo antes da emisión dos correspondentes recibos.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se o que se trae soamente é a corrección do erro ao realizar o cálculo.

O Sr. Barreiro contéstalle que si que soamente se trae para aprobar a corrección do erro ao realizar os cálculos.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a corrección dos erros aritméticos producidos polo cambio de carácter trimestral ao carácter bimestral das tarifas correspondentes ás Ordenanzas Fiscais mencionadas.”.

Non suscitándose debate ningún sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa este queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación das ordenanzas fiscais reguladora do servizo de subministro de auga e ordenanza reguladora do servizo de saneamento nos termos indicados na proposta e que se reflite no ditame da comisión informativa.

Segundo: Dispoñer a súa publicación urxente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3902.- URBANISMO, SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO EN TARRÍO SAMIEIRA E RECTIFICACION NO SEU CASO DO POSIBLE ERRO EXISTENTE NO PXOM.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado no Departamento de Urbanismo que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 28 de xaneiro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Visto o expediente de urbanismo n° 303/12, de D. José María Rocafort Morales, en representación de Roprovisa, SL, que solicita a declaración de camiño público no lugar de Tarrío, parroquia de Samieira, e segundo o disposto no Plan de Ordenación municipal vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, teño a ben informa -lo

seguinte:

Primeiro.- Con data 20 de setembro de 2012, D. José María Rocafort Morales, en representación de Roprovisa, SL, presenta escrito no Concello solicitando que se declare camiño público o vial existente en Tarrío.

Adxuntando un plano de situación de camiño escala 1:200 no que aparece a zona afectada para solicitude de camiño público, así como a súa situación no PXOM, onde non aparece grafiado e planos do Catastro, onde aparece indentificado o camiño cuxa declaracións e pretende.

Segundo.- Con data 5 de decembro de 2012, o enxeñeiro municipal emite informe comprobando que a zona da solicitude de determinación do camiño público ten o seu inicio entre as vivendas números 25 e 27 do camiño Tarrío (Tarrío - Samieira), pasando pola parte posterior das vivendas números 29 e 31 e pola parte posterior da Escola Infantil de Tarrío, tendo o seu final entre o río e o lado oeste da parcela da Escola Infantil.

A lonxitude total do vial é de 146m, e o ancho medio do tramo está entre 1,20m e 2m, o vial a que se refire este expediente non está pavimentado, senón que está en terras; o camiño conta cos servizos de rede de pluviais e canalización de traída de augas de regadío e ten entrada e saída con camiño Tarrío. Existe un punto de luz da rede de alumado público ó longo do camiño.

Dita zona localízase nos planos 0-6 e 0-9 do PXOM, a escala 1:5.000, e corresponde a Solo de Núcleo Rural Mixto, o vial non aparece grafiado como camiño público en dito plano.

Indicando tamén que o camiño aparece grafiado na cartografía do Catastro como público, tanto nos planos do Catastro do ano 1960 como nos da actualidade, terminando o seu informe indicando que, "a opinión do técnico que suscribe pódese tratar dun camiño público que non aparece grafiado no Plan Xeral"; adxuntando catro documentos, fotocopia do Plan Xeral, fotocopia do catastro, fotografía aérea da zona e reportaxe fotográfico.

Por todo isto, considerando que se trata dun erro do PXOM, o non haber incluído dito camiño como público na cartografía do mesmo, informo que pode o pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, aprobar por maioría absoluta a rectificación do erro existente no Plan Xeral, incluíndo no mesmo, como camiño de uso público de uso municipal o que resulte indentificado no informe da arquitecto municipal, grafitando o mesmo nos planos 0-6 e 0-9 do PXOM, tal e como se identifica polo enxeñeiro municipal no seu informe de 5 de decembro de 2012, e cuxo acordo deberá publicarse no BOP, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e non entrando en vigor o acordo que se adopte ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Igualmente o acordo que se adopte deberá notificarse á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación

Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Comunicándose igualmente o acordo que se adopte, co plano grafitado do camiño ó equipo redactor da revisión do Plan Xeral para que inclua o mesmo no Plan Xeral que se aprobe. "

Previa lectura do informe emitido polo Enxeñeiro Municipal que di textualmente:

"Nº Expediente: 303 / 12

Sección: Servicios Generales

Asunto: Solicitud Informe de Camino Público

Interesado: José María Rocafort Morales en representación de ROPROVISA, S.L.

Situación: Camiño en lugar de Tarrío, parroquia de Samieira

Girada visita al terreno el pasado 29/11/2012 se comprueba que la zona de la solicitud de determinación de Camino Público tiene su inicio entre las viviendas números 25 y 27 de camiño Tarrío (Tarrío - Samieira), pasando por la parte posterior de las viviendas números 29 y 31 y por la parte posterior de la Escuela Infantil de Tarrío, teniendo su final entre el río y el lado oeste de la parcela de la escuela infantil.

La longitud total del vial es de 146,00 metros, teniendo a los 72,0 metros del inicio una intersección con el camiño Tarrío. El ancho medio del tramo está entre 1,20 mts y 2 mts.

El vial no está pavimentado, sino que está en tierras.

El Camino cuenta con los servicios de Red de Pluviales y canalización de traída de aguas de regadío y tiene entrada y salida con Camino Tarrío. Existe un punto de luz de la red de alumbrado público a lo largo del camino.

Dicha zona se localiza en los planos 0-6 y 0-9 del Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) a escala 1:5.000, y corresponde a Suelo de Núcleo Rural Mixto (S.N.R.M). El vial no aparece grafiado como camino público en dicho plano.

Revisada la cartografía del Catastro la zona aparece grafiada como camino público, tanto en los planos del año 60 como en los de la actualidad.

A opinión del técnico que suscribe se puede tratar de un Camino público que no aparece grafiado en el PXOM.

Se adjunta:

f) Fotocopia del PXOM, plano 0-6 y 0-9, escala 1:5.000

g) Fotocopia de Catastro, escala 1:1.000

h) Fotografía aérea de la zona

Reportaje fotográfico"

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Asunto: solitudine de declaración de camiño público en Tarrío, Sameira.

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 53 do Real Decreto 1372/1986, de 13

de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBCL en adiante) e no art. 3 do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados

- Relatados no informe do asesor xurídico de 13 de maio de 2013.

Consideracións xurídicas.

1. Tal e como se ven reiterando en distintos informes desta secretaría, a natureza pública ou privada dun camiño dirímese mediante o exercizo da postestade de investigación de oficio recoñecida aos concellos como entidades locais de carácter territorial no art. 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, desenvolvida pola Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e no RBCL, normativa na que se disciplina un procedemento regulamentado a tal fin.

Xunto a ausencia dos trámites marcados para tal efecto, dito tramo foi obxecto de informe pericial por parte de Justino Guerra Arroyo de 1 de abril de 2011 no que entre outras consideracións, sinalase "...en 1960 no existía a escola siendoun terreno comunal que se situaba junto al río Da Cambra como puede apreciarse en la fotografía 53C marcado en rojo...".

Da mesma forma que en materia de procedemento aplicable, son numerosos os informes nos que se advirte da necesidade de deslindar entre as figuras dos camiños público, servidumes e serventías, proceso complexo e non sempre pacífico.

Entre outros moitos, con data 16 de decembro de 2013, expediente de investigación de oficio dun camiño sito Avda Colón, Portosanto, San Salvador dispoñíase ao particular:

"...

Con carácter xeral pode afirmarse que son camiños municipais os que discorren sobre só público, arrincan, transcorren e rematan en terreos públicos como son os camiños rurais. E son camiños privados os que resulten da constitución de título conforme as regras do Código civil e inscrición do mesmo no rexistro da propiedade.

Non obstante, en Galicia resulta aplicable unha especial figura propia do Dereito civil especial denominada "serventía".

A ela refírese, entre outras, a Sentenza da Sección 1ª da Audiencia Provincial de Pontevedra de 1 de febreiro de 2007, recurso núm. 826/2006, cando establece non seu fundamento xurídico segundo:

"...

Para catalogar un camiño como " público" non basta, pois, con que esteamos ante unha franxa de terreo por onde se transite ou que

constitúa unha zona de paso dos veciños, senón que é necesario que fose custeado, ou adquirido de calquera outra forma pola Administración, que estea destinado, ben ao uso público, é dicir, que sexa habitualmente utilizado ou aproveitado por calquera cidadán, ben a un servizo público, e, finalmente, que a propia Administración, neste caso a Entidade local, asuma a conservación e ordenación de policía do camiño en cuestión; neste sentido, son indicios da índole pública do camiño o que a pavimentación realícese con cargo ao erario público, a existencia de iluminación pública ou sinalización viaria administrativa, a instalación de canalización e subministracións de enerxía eléctrica, auga ou similares, ou de redes de saneamento sen solicitar autorización..."

Distínguese así o camiño público doutras institucións creadas para facilitar o tránsito de persoas e vehículos como a servidume de paso ou a serventía.

En relación con esta última figura, cumpre lembrar que a serventía ou servizo, institución de orixe consuetudinario expresamente recoñecida pola xurisprudencia no ámbito da comunidade autónoma de Galicia (STS. 14 de maio de 1993 e SSTSJG. 22 de xullo de 1994, 28 de xaneiro de 1995 e 24 de xuño, 2 de decembro de 1997, 21 de xuño de 2005 e 24 de xaneiro de 2006, entre outras), no art. 30 da Lei 4/1995, de 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia, vixente na data da demanda, e hoxe nos arts. 76 e ss. da Lei 2/06, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, supón a existencia dun camiño ou vía de acceso privado a dous ou máis leiras lindeiras, constituídas, con independencia do que cada un dos usuarios ou causantes cedesen para o seu establecemento, sobre terreo de propiedade particular destes, para o seu uso, gozar e goce en común, que aínda que orixinariamente vinculado ao agra ou vilar non o está necesariamente, e que se traduce nun tipo de comunidade xermánica, sen cotas, de natureza indivisible, na que non é concibible o dereito individual a pedir a súa extinción (SSTSJG. 19 de decembro de 1999 e 24 de xaneiro de 2006).

O art. 76 da Lei 2/06 defínea como "o paso ou camiño privado de titularidade común e sen asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos usuarios ou causantes cedese para a súa constitución, que se atopa establecido sobre a propiedade non exclusiva dos lindeiros e que teñen dereito a usar, gozar e posuír en común a efectos de paso e servizo dos predios".

A natureza propia da serventía caracterízase, pois, por constituír un acceso de servizo privado sobre terreos de propiedade particular a favor de todos os titulares dos predios polos que discorre -beneficiarios da serventía-, orixinador dun dereito de uso, gozar e posesión en común que obriga a todos a respectar o paso dos demais (STSJG. 16 de decembro de 1998).

A STSJG 21 de xuño de 2005 insiste nesta última nota ao proclamar: "entre os causantes ou propietarios da serventía xérase unha comunidade acentuadamente xermánica tanto no que fai á súa titularidade dominical

como ao seu uso e goce, sen que ningún comuneiro poida impedir ou dificultar o paso, e de aí a explicación dos pronunciamentos de condena vinculados ás constatadas alteracións unilaterais feitas pola demandada na cousa común e contidos ex artigo 397 CC ".

En relación, coa serventía, a STSJG 24 de xaneiro de 2006 puntualiza: *"Aínda que tivese saída ao camiño público , a consecuencia sería a mesma pois xa desde a STSJG 9/1997, de 24 de xuño, vimos resaltando que todos os donos das leiras lindantes cun camiño de serventía teñen dereito a exercitar o paso sen que sexa óbice ao seu recoñecemento que algunha poida ter outra saída a camiño público e iso porque é perfectamente posible a constitución da serventía para unha maior comodidade de acceso e mellor. Polo demais, aínda que xeralmente o trazado discorra polas cabeceiras, nada obsta, se a configuración así o esixe, a que a serventía sexa conformada por varios pasos ou vías interiores que chegan ás diversas cancelas, necesarias pairan entrar e saír ás leiras exclusivas, conforme ás correspondentes necesidades de cultivo dado que nun vilar non pode concibirse unha leira sen acceso, o que fai ociosa calquera idea de servidume"*.

E a STSJG 21 de xuño de 2005, xa citada, introdúcenos nas distintas clases de serventías ao distinguir entre a serventía xeral e a serventía de agro, agra ou vilar, que se presume cando as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar e próbase o uso continuo (art. 31 Lei 4/95): *"Tan indiscutible é, devandito sexa á luz da doutrina desta Sala exhaustivamente traída a colación polo recorrente, que o artigo 31 LDCG recolle a norma consuetudinaria relativa á serventía de agra, agro ou vilar, facendo depender a presunción da súa existencia da acreditación de que as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e da proba do seu uso continuo ou permanencia do camiño (así, por todas, SSTSJG 1/1994, de 22 de xullo, e 13/1998, de 29 de xullo), como que o artigo 30 LDCG conduce a concluír a existencia de serventía en xeral (ou desvinculada da de agro, agra ou vilar) por exclusión: ha de ser considerada serventía ou servizo o paso que -como o litigioso- efectúase sobre un terreo que "non teña" carácter público e do que "non conste" o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan. En consecuencia, descartada a natureza demanial do terreo sobre o que se efectúa o paso, o que no suposto axuizado nin sequera como posibilidade suscítase, e igualmente descartada a atribución da súa propiedade exclusiva a algún dos seus usuarios (expresión esta con a que desde polo menos a STSJG 23/1999, de 17 de decembro, equiparamos a legal de "o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan"), imponse como inevitable o consideralo como serventía"*.

A mesma sentenza continúa: *"Desvirtuada totalmente a pertenza exclusiva do camiño litigioso á demandada, de cuxa leira non é predicable que forma parte integrante gravándoa con servidume de paso (...), a súa propia configuración física, isto é, o consistir nun camiño entremurado independizado das leiras que con el lindan, incluídas as dos contendentes, unida á pluralidade dos usuarios que do mesmo sérvense como terreo de paso común reiterada e continuamente no tempo, constitúen feitos suficientemente ilustrativos da*

caracterización tipificadamente coincidente coas notas constitutivas da serventía (así, por todas, SSTSJG 11/1997, de 17 de novembro, e 28/2002, de 18 de setembro). Interpretación, a exposta, conducente a concluír a existencia de serventía por exclusión e en función das circunstancias fácticas concorrente sen necesidade da plena acreditación da súa constitución negocial - certamente infrecuente e dificilmente imaxinable no contexto xurídico vulgar galego- (...), con independencia, desde logo, de ter que discernir se a palabra camiño equivale na nosa lingua ao concepto de serventía ou ao de servidume: presúmese serventía un camiño que como límite das leiras ás que serve é descrito nos títulos de propiedade das mesmas".

Esta interpretación xurisprudencial foi acollida na recente Lei 2/06, de 14 de xuño, que no art. 78 establece unha pluralidade de presuncións tocantes precisamente á determinación da súa existencia (e non reducidas á de agra), de forma, salvo proba en contrario, "*presúmese a existencia de serventía: 1º) Se as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e próbbase o uso continuo; 2º) Cando o paso ou camiño foi establecido na partición de herdanza ou división de cousa común como servizo para todas ou algunha das leiras resultantes; 3º) Se o camiño aparece referido como lindeiro nos títulos das leiras que se serven por el; 4º) Cando o paso ou camiño é usado polos lindeiros para acceder ás súas leiras situadas sen outra saída a camiño público "*.

...".

Non tendo sido realizado a práctica probatoria, descoñécense os datos necesarios para realizar tal operación de deslinde.

Non obstante, a partir dos datos reflectidos no inofrme do enxeñeiro municipal de 5 de decembro de 2012, dedúcese:

- Se ben revisada a cartografía do Catastro tanto nos planos dos anos 60 como da actualidade a zona aparece grafiada como camiño público, sen que exista un Inventario municipal de camiños e vías, o tramo en investigación, s non aparece reflectido no PXOM (plano 0.6 e 0.9 a escala 1:5000). Non se coñece o seu tratamento polas anteriores normas subsidiarias.

- Non procede de cesión ou operación ningunha de xestión urbanística, sen que exista tampouco proba ningunha de que a conservación e ordenación de policía sexa realizada polo concello.

- Tan so conta co servizo de red de pluviais e un punto de luz.

- Non se acredita suficientemente que o uso corresponda habitualmente ó común dos veciños.

- De forma estricta non serve de unión entre vías públicas por canto ten entrada e saída no propio camiño Tarrío.

2. Se pese as consideracións xa realizadas, se declarase o tramo delimitado no informe do enxeñeiro municipal de 5 de decembro de 2012 como camiño público, non resulta igualmente pacífica a aplicación da figura de rectificación de erros no PXOM dado o carácter restrictivo con que dita institución debe ser aplicada no ámbito urbanístico, afectar a unha determinación esencial do PXOM para solo de núcleo rural ou non existir constancia da existencia de documentación suficiente no

expediente de formación do PXOM do seu tratamento como camiño público e polo tanto, do erro que debe ser emendado.

Pudendo existir outras moitas situacións nas que concorran similares circunstancias, tendo sido iniciado procedemento de revisión das determinacións do PXOM e o uso restrictivo que da aplicación da rectificación de erros debe realizarse, a funcionaria que subscribe o presente informe recomenda a utilización doutra clase de procedementos previstos na lexislación urbanística aplicable o a inclusión na documentación do indicado procedemento de revisión.

Así mesmo, no referido informe de 16 de decembro de 2013 indicábase:

"...

5. Facer camiños.

Tal e como se indicou, a xuízo da funcionaria que subscribe, non aparece suficientemente acreditado o carácter público do tramo en investigación máis se existen indicios dunha posible vontade municipal de ir dotando de certos servizos o tramo afectado. Máis se do que se trata é de "facer camiño", sería necesario ter en conta o tratamento urbanístico, procedendo unha modificación puntual do PXOM, ou partindo da clasificación do solo, verificar se non é necesario promover a tramitación do instrumento de desenvolvemento que corresponda segundo a LOUGA.

En calquera caso, se a corporación, con mellor criterio decide separarse do contido do presente informe, e declarar o trato como público, esta secretaria remítese ás consideracións xa realizadas en expedientes anteriormente elevados á consideración plenaria, poñendo de manifesto os límites e aplicación restrictiva da figura da "rectificación de erros" e a necesidade de tramitar unha distinta alteración do plan xeral.

..."

En atención ao exposto, non existindo suficientes indicios como para declarar público o tramo definido, debe seguirse o procedemento de investigación de oficio, e de resultar clara a súa natureza pública, proceder a súa inclusión dentro do procedemento de revisión ou de non existir, reitérase, maior evidencia da ausencia de tratamento no PXOM por erro, proceder á tramitación dunha modificación puntual do PXOM. "

Esta Comisión acorda:

Primeiro: Que se inicie o procedemento de investigación de oficio para determinar o carácter público ou privado do camiño

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro: Que se notifique o acordo que conceda a Xunta de Goberno Local o/aos interesado/s con indicación do réxime de recursos

aplicable.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Tomar coñecemento do ditame emitido pola comisión informativa de urbanismo para os efectos de dar inicio aos trámites previstos no procedemento de investigación de oficio para determinar o carácter público ou privado do camiño descrito de conformidade co procedemento establecido no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

Segundo: Comunicar o presente acordo ao solicitante con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

MOCIÓNS URXENTES.- Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista para presentar por urxencia para o seu debate e posterior votación 5 mocións 4 das que eran para tramitar no Pleno do mes de decembro pero non se presentaron por ser este o último do mes e a 5ª ben dada pola recente aprobación de medidas que permiten a retirada da tarxeta sanitaria aos españois que saian ao estranxeiro por un período superior a tres meses.

3903.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO IMPACTO DA

REFORMA LABORAL DO PARTIDO POPULAR NA MULLER.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención ao abeiro do establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 18 de xaneiro de 2014, núm. 211 na que tras unha exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno central a derrogar a Lei 3/2012, do 06 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

2º.- Esixir aos Gobernos central e da Xunta de Galicia que recuperen as políticas activas de emprego específicas para mulleres, tendo en conta os grupos de idade e situacións desfavorecidas, como o fomento da contratación en colectivos de mulleres formadas pero sen experiencia laboral, o desenvolvemento de prácticas non laborais asociadas á formación de empresas innovadoras ou a reciclaxe de mulleres con experiencia laboral pero que carecen da formación que hoxe demanda,, entre outras.

3º.- Instar ao goberno central e da Xunta a fomentar a elaboración de programas de formación en orientación e técnicas de busca de emprego.

4º.- Exixir a todas as administracións, a través da negociación colectiva e mediante un Plan de Igualdade que corrixa as desigualdades existentes entre mulleres e homes, o estrito cumprimento da Lei de Igualdade no eido público correspondente."

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista explicando que a reforma laboral é unha norma negativa para toda a poboación, máis horas menos salarios, en xeral unhas condicións en precario para os traballadores e traballadoras. Con este salarios créase unha clase social moi baixa onde estes salarios non chegan para fin de mes. Pero en particular esta norma prexudica á muller, un 16% das mulleres cobran menos do salario mínimo e Galicia non é allea a esta situación incluso sendo preocupante.

A lei foi nefasta para toda a sociedade pero sobre todo para as mulleres.

A Voceira do Grupo Municipal do BNG manifesta o seu apoio á moción presentada xa que é unha situación que se ven arrastrando desde a incorporación da muller ao mercado laboral, que con esta norma se agrava máis.

Sometida á votación á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno central a derrogar a Lei 3/2012, do 06 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Segundo.- Esixir aos Gobernos central e da Xunta de Galicia que recuperen as políticas activas de emprego específicas para mulleres, tendo en conta os grupos de idade e situacións desfavorecidas, como o fomento da contratación en colectivos de mulleres formadas pero sen experiencia laboral, o desenvolvemento de prácticas non laborais asociadas á formación de empresas innovadoras ou a reciclaxe de mulleres con experiencia laboral pero que carecen da formación que hoxe demanda,, entre outras.

Terceiro.- Instar ao goberno central e da Xunta a fomentar a elaboración de programas de formación en orientación e técnicas de busca de emprego.

Cuarto.- Exixir a todas as administracións, a través da negociación colectiva e mediante un Plan de Igualdade que corrixa as desigualdades existentes entre mulleres e homes, o estrito cumprimento da Lei de Igualdade no eido público correspondente.

3904.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS CONSELLOS DA XUVENTUDE.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención ao abeiro do establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 18 de xaneiro de 2014, núm. 212 na que tras unha exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Modificar a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia para garantir un Consello da Xuventude de Galicia puramente autónomo e independente da estrutura da Xunta de Galicia que sexa administrado, dirixido e xestionado directamente polas organizacións xuvenís.

2º.- Iniciar un proceso de diálogo con todas as organizacións xuvenís inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia para adaptar a Lei 6/2012 aos intereses reais da mocidade.

Esixir do Goberno de España:

1º.- Manter o Consello da Xuventude coa actual personalidade xurídica.

2º.- Iniciar un proceso de diálogo coas organizacións xuvenís que formen parte do Consello de Xuventude de España, canalizado a través da súa Comisión permanente, para asegurar a súa participación nas decisións sobre as modificacións que deberían incorporarse á Lei 18/1983, do 16 de novembro, e as normas e regulamentos que as desenvolvan. As modificacións, no seu caso, tramitaranse mediante un proxecto de lei

específico que non furte o debate sobre a participación xuvenil, e con implicación de todos os grupos parlamentarios do Congreso.”.

Toma a palabra o Concelleiro Delegado de Xuventude, o Sr. Agís Gómez explicando que a moción preséntase para poñer de manifesto e denunciar a aprobación da supresión do Consello da Xuventude de España, que se trataba dun órgano que propoñía alternativas para a xuventude. No ano 2011 a Xunta do PP suprimiu o de Galicia. Nos entendemos que este tipo de canles e medios de expresión non deben de suprimirse xa que forman parte moitos xoves que necesitan ser oídos, agora máis que nunca, pola situación de crise que vivimos e non os podemos deixar sen voz á mocidade.

Sometida á votación á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Modificar a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia para garantir un Consello da Xuventude de Galicia puramente autónomo e independente da estrutura da Xunta de Galicia que sexa administrado, dirixido e xestionado directamente polas organizacións xuvenís.

2º.- Iniciar un proceso de diálogo con todas as organizacións xuvenís inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia para adaptar a Lei 6/2012 aos intereses reais da mocidade.

Segundo: Esixir do Goberno de España:

1º.- Manter o Consello da Xuventude coa actual personalidade xurídica.

2º.- Iniciar un proceso de diálogo coas organizacións xuvenís que formen parte do Consello de Xuventude de España, canalizado a través da súa Comisión permanente, para asegurar a súa participación nas decisións sobre as modificacións que deberían incorporarse á Lei 18/1983, do 16 de novembro, e as normas e regulamentos que as desenvolvan. As modificacións, no seu caso, tramitaranse mediante un proxecto de lei específico que non furte o debate sobre a participación xuvenil, e con implicación de todos os grupos parlamentarios do Congreso.

Neste momento auséntase do Salón de Sesiós o Concelleiro Jose Ángel Lodeiro Cancela.

3905.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS RECORTES DO PP NAS POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA O VIH E A SIDA E A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS COMITÉS ANTISIDA DE GALICIA.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención ao abeiro do establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das

entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 18 de xaneiro de 2014, núm. 213 na que tras unha exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Rexeitar e condear os recortes que o Partido Popular está a levar a cabo desde o Goberno de España e a Xunta de Galicia nas políticas de prevención e loita contra o VIH e de atención ás persoas con SIDA.

2º.- Esixirlle á Xunta de Galicia que habilite unha liña de financiamento específica e urxente que evite a desaparición dos Comités AntiSida que aínda se manteñen en activo en Galicia e permita a reactivación dos que xa tiveron que pechar.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia."

Neste momento entra no Salón o Concelleiro D. Jose Angel Lodeiro Cancela.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista explicando o contido da moción presentada coa finalidade de instar ás administracións públicas para a recuperación de todas as prestacións con respecto a SIDA e que foron retiradas, o 01 de decembro, é o Día Internacional de Loita contra a Sida, xornada instaurada por Nacións Unidas para lembrar e dar a coñecer á sociedade a epidemia global causada da infección por VIH.

Segundo o último informe sobre a Epidemia Mundial de Sida 2013 de ONUSIDA, 35,3 millón de persoas viven co VIH no mundo e 1,6 millóns de persoas morreron no último ano por mor de enfermidades relacionados co SIDA. Calcúlase que en 2012 déronse 2,3 millón de novos casos de infeccións polo VIH en adultos e nenos, o que representa unha caída do 33% desde 2001. Grazas á expansión do tratamento antirretroviral, as mortes relacionadas coa SIDA tamén descendieron nun 30%, en comparación cos índices máximos rexistrados en 2005. En España, son ao redor de 150.000 as persoas que viven co VIH cunha taxa preto de 3.000 novos diagnósticos anuais.

Ademais de lembrar estes datos xerais, diversos colectivos sociais do nos país chamaron atención neste ano sobre a crecente deixadez de moitas administracións públicas, especialmente o Goberno de España e a Xunta de Galicia, no que ao desenvolvemento de políticas de prevención e atención ás persoas afectadas polo VIH e a SIDA se refire.

A desmantelación da Secretaría do Plan Nacional sobre a SIDA e a súa integración nunha subdirección xeral, coa conseguinte eliminación de recursos e recortes drásticos de persoal, supuxo o prelude da total ausencia de política neste ámbito por parte do goberno. Este feito provocou que o noso país non evaluase adecuadamente o Plan Multisectorial fronte á infección por VIH e a SIDA 2008-2012, e que aínda non se aprobase o Plan Multisectorial 2013-2017. Ademais desde xuño de 2012 carecemos de datos epidemiolóxicos actualizados da incidencia real do VIH en España, o que impide planificar estratexias preventivas a curto e longo prazo.

Esta ausencia total de políticas en materia de VIH e SIDA

contrasta coa rápida posta en marcha de medidas que restrinxen dereitos e prestacións ás persoas que viven co VIH como o repago dos medicamentos, o crecente aumento de trabas para a dispensación de antirretroviriais na farmacia hospitalaria ou as restricións no acceso aos medicamentos de última xeración contra a hepatite C. Todo isto sumado á exclusión sanitaria que para moitos cidadás e cidadáns supuxo a aprobación do Real decreto lei 16/2012, que acabou cos principios de universalidade e equidade do noso sistema público de saúde.

Pero o austericidio e a política de recortes en materias tan sensibles e vitais coma esta non só se está a aplicar ás políticas dependentes directamente da administración, senón que o PP tamén está practicando unha planificada política de exterminio do amplo tecido social que desde hai décadas viña traballando con grande éxito na prevención do VIH, e na asistencia ás persoas contaxiadas ou enfermas de SIDA, complementando o traballo dos poderes públicos e cubrindo ocos que a administración non chegaba.

Nos últimos tempos, téñense reducido nun 75% as axudas destinadas a financiar os programas de prevención do VIH que desenvolven as ONGs, pasando de case 4 millóns de euros en 2011 a 1 millón en 2012 e 2013. Uns recortes que supuxeron a eliminación de multitude de programas de prevención e asistencia, e que están abocando ao peche de moitas destas organizacións, perdendo un tecido social esencial para gañar a batalla á pandemia.

No noso país o Goberno de Feijoo, como en tantas outras materias, está a copiar o peor das políticas do PP no Goberno de España e reduciu a súa chega á loita contra a SIDA nun 55% o que provocou a desaparición dos Comités Antisida de Ourense, Vigo e Compostela, destino que tamén pode seguir o de Ferrol, que está a piques de pechar. Ademais, as campañas de prevención desaparecen da axenda do Goberno Galego, en especial as accións entre mozos e mozas, precisamente o grupo de idade no que se está a dar un preocupante repunte de infección por VIH.

As decisións políticas teñen consecuencias e o Partido Popular coa aplicación destas medidas está a poñer en perigo algo tan grave como a saúde dos cidadáns deste país, provocando un gran retroceso nunha loita tan longa e dura como ten sido a de combater o VIH e a SIDA. Por iso, este ano ademais de lembrarnos das persoas contaxiadas é preciso que os/as socialistas e o conxunto da cidadanía denunciemos estas prácticas e fagamos todo o posible para denuncialas e frenalas.

Neste momento entra no Salón de sesións o Concelleiro D. José Angel Lodeiro Cancela.

A continuación toma a palabra a Voceira do BNG manifestando o apoio á moción presentada que non fai máis que denunciar a continuación dos recortes do PP que están a provocar o desmantelamento dos servizos públicos neste caso en recortes na prevención, trátase dun retroceso con datos da década dos 80, pensamos que con estas medidas o PP nega a realidade (facendo referencia á Lei do aborto).

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención queda

aprobada adoptándose o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar e condear os recortes que o Partido Popular está a levar a cabo desde o Goberno de España e a Xunta de Galicia nas políticas de prevención e loita contra o VIH e de atención ás persoas con SIDA.

2º.- Esixirlle á Xunta de Galicia que habilite unha liña de financiamento específica e urxente que evite a desaparición dos Comités AntiSida que aínda se manteñen en activo en Galicia e permita a reactivación dos que xa tiveron que pechar.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

3906.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA O MANTEMENTO DO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención ao abeiro do establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral o 18 de xaneiro de 2014, núm. 214 na que tras unha exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos:

"1º.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Traballo e Benestar á que procedan á retirada do proxecto de decreto polo que se regula o Servizo Galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a teor do establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do partido Popular, partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerda e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto."

Intervén a Voceira do Grupo Municipal Socialista manifestando que no ano 2007 o goberno da Xunta creou o Servizo de apoio á mobilidade máis coñecido como o 065 que facilitaba os servizos a este colectivo pero agora a Xunta de Galicia estáos a quitar e ademais aumenta os criterios para os seus beneficiarios, en definitiva un recorte máis ao que nos ten acostumado este goberno.

A continuación sométese á votación á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Traballo e Benestar á que procedan á retirada do proxecto de decreto

polo que se regula o Servizo Galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a teor do establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do partido Popular, partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerda e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto.

3907.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN CONTRA DA RETIRADA DA TARXETA SANITARIA A CIDADANÍA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS.- Previa declaración de urxencia por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención ao abeiro do establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista na que tras unha exposición de motivos propón ao Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos:

“1.- O Pleno do Concello de Poio insta ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que derroque as disposicións legais que impidan a recuperación da prestación de servizos sanitarios ás persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fora de España máis de 90 días na busca de emprego e formación.

2.- Que en tanto no sexan derrogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.

3.- O Pleno do Concello de Poio insta aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta.”.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista manifestando que antes de chegar o PP ao goberno tiñamos unha sanidade universal e gratuíta pero agora o que están a buscar é a privatización, pero coa sentenza da Sanidade de Madrid, demostra que serven as mobilización.

Neste momento, pola situación actual que estamos a vivir os españois teñen que emigrar para buscar traballo ou formarse e se transcorren máis de tres meses quedan sen seguro, unha situación increíble.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipais do BNG manifestando que con esta normativa segue o desmantelamento do servizos públicos e privatización, parece increíble para as persoas que buscan traballo e oportunidades fora.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación á moción presentada polo Grupo Municipal Socialista a que por 10 votos a

favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra e ningunha abstención queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Poio insta ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que derroque as disposicións legais que impidan a recuperación da prestación de servizos sanitarios ás persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fora de España máis de 90 días na busca de emprego e formación.

Segundo.- Que en tanto no sexan derrogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.

Terceiro.- O Pleno do Concello de Poio insta aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e catro minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.